

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2022

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Daniel Mallo Castro
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día tres de novembro do ano dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as: D. Juan González Leirós, D.^a Elisa Pestonit Barreiros, D. Daniel Mallo Castro, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

1.1.- Aprobación do Plan de Seguridade e Saude elaborado pola empresa adjudicataria e presentado polo coordinador de seguridade e saude, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. para a execución da obra denominada “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no polígono industrial de Espiritu Santo, Cambre”, Expediente: 2022/C003/00008

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de outubro de 2022 (CVD: BSSEiBFEMxRw+2ITsIXP), relativa á aprobación do Plan de Seguridade e Saude elaborado pola empresa adjudicataria e presentado polo coordinador de seguridade e saude, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. para a execución da obra denominada “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no polígono industrial de Espiritu Santo, Cambre”. Expediente: 2022/C003/00008, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/00008 para a contratación da obra “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no polígono industrial de Espiritu Santo, Cambre”, Expediente: 2022/C003/00008

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2022 polo que se adxudicou a obra á empresa “Construcciones Pan y Díaz, S.L.”, formalizándose o correspondente contrato con data 14 de outubro de 2022.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adxudicataria do expediente “Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre” segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o Plan de Seguridade e Saude elaborado pola empresa adxudicataria e presentado polo coordinador de seguridade e saude, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, con entrada neste concello con data do 31 de outubro de 2022 e rexistro de entrada 202299900006034.

Visto o informe favorable emitido con data 31 de outubro 2022 (CVD: YIONpqnSjA0YSc4xUajD) polo enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.

Á vista do establecido na cláusula 18.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reguladoras do actual contrato.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de Seguridade e Saude elaborado pola empresa adxudicataria e presentado polo coordinador de seguridade e saude, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. ao que achega o seu informe favorable, para a execución da obra denominada “Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no polígono industrial de Espiritu Santo, Cambre”. Expediente: 2022/C003/00008

Segundo: Notificar este acordo á empresa “Construcciones Pan y Díaz, S.L.” e a D. Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade Gallega de Coordinacións, S.L. facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición

contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente

Terceiro: Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de outubro de 2022 (CVD: BSsEiBFEMxRw+2ITsIXP), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

1.2.- Aprobación do expediente contrato da obra “Ampliación de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre”. Expediente 2022/C003/000015

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de outubro de 2022 (CVD: gHmzBqhEwGqotp++idHQ), relativa á aprobación do expediente contrato da obra “Ampliación de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre”. Expediente 2022/C003/000015, que transcrita di:

“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Con data do 18/08/2022 elabórase polo arquitecto don José Ramón Díaz Barbeito, o documento denominado “Descrición técnica” da obra de “Ampliación de desmonte e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre. Xuño 2022”, cun orzamento base de licitación de 12.632,01 € sen IVE, 15.284,73 IVE incluído. O dito documento foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 23 de agosto de 2022.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data do 18 de agosto de 2022 polo arquitecto don José Ramón Díaz barbeito (CVD: Cjv9AIn8U/8VXqCwbeqh) no que di: “(...) *En base a lo expuesto, y dado que la actuación prevista se realizará sobre un suelo de titularidad municipal, sin que se encuentre en ninguna zona de afección de otra administración, es por lo que, desde el punto de vista urbanístico, se considera viable*”.

Consta a acta de replanteo asinada polo arquitecto municipal con data 30 de agosto de 2022 (CVD: 9e8CHxzkYPUH2lw9jel).

Consta o documento de autorización de gasto emitido o 19/08/2022 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 933.62200, por importe de 15.284,73 euros (código para validación: VBH4U-1OM7F-BLWQG).

Consta o informe técnico asinado pola arquitecta técnica dona Susana Bahamonde López con data 14 de outubro de 2022 (CVD: 0RYm3n+txXDR6W9b8Eft).

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 27 de outubro de 2022, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP (CVD: CBRdAjOWOA4mp2EqeEpm).

Consta, igualmente, informe proposta emitido técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da Secretaria xeral e o intervido e conforme do Interventor, de data 31.10.2022 (CVD: 9OKLGAIgQ/5SQjDJTtwcL), ao que se achega o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán esta contratación (CVD: bjmLaoO1Y5qqxFLH0nW6).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para o cumprimento das competencias propias dos concellos en materia de equipamentos da súa titularidade, de acordo co art. 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2022/C003/000016, polo procedemento aberto simplificado abreviado establecido no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, cun único criterio de adxudicación de apreciación automática (factor prezo), correspondente á obra de "Ampliación de desmante e muro perimetral en Brexo (Pousadoira) Cambre" e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares (CVD: bjmLaoO1Y5qxxFLH0nW6), cun orzamento de execución por contrata de 12.632,01 € sen IVE, 15.284,73 € (IVE incluído), isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto, por importe de 15.284,73 euros, por conta da aplicación orzamentaria 933 62200.

Cuarto: De conformidade co establecido na cláusula 15 do PCAP e artigo 159.6.d) da LCSP, a unidade técnica de asesoramento estará formada por:

- Técnica de xestión de administración xeral do departamento de Secretaría.
- Arquitecta técnica municipal.

Quinto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sexto: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 31 de outubro de 2022 (CVD: gHmzBqhEwGqotp++idHQ), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo